**CONCELLO DE VILASANTAR**
R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169

# PROGRAMA DE AXUDAS DE REHABILITACIÓN DE VIVENDAS NO RURAL (INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO)

## ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

1. A execución de obras de rehabilitación, terminación e/ou ampliación de vivendas así como as actuacións dirixidas ao cambio de uso de locais e entreplantas para destinalos a vivenda. Dentro das actuacións de rehabilitación, enténdense incluídas as de accesibilidade, conservación, habitabilidade, sustentabilidade e eficiencia enerxética das vivendas, así como as actuacións para a medición e a execución de obras que eviten a entrada do gas radón ou a adopción de medidas que garantan a súa eliminación do interior das vivendas.

2. O custo total das actuacións subvencionables poderá incluír os honorarios dos profesionais que interveñan, o custo da redacción dos proxectos, no seu caso, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e outros gastos xerais similares, sempre que todos eles estean debidamente xustificados. Así mesmo, no custo total das actuacións poderanse incluír os gastos derivados de impostos, taxas e tributos, debidamente xustificados.

## PERSOAS BENEFICIARIAS.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas propietarias ou usufrutuarias dos referidos inmobles situados, de conformidade co disposto no ordinal oitavo desta resolución, en concellos de menos de 5.000 habitantes e que acrediten ingresos non superiores a 6,5 veces o IPREM. No suposto de que as vivendas se vaian a destinar ao alugueiro non será de aplicación o citado límite de ingresos.

## CONTÍA DA AXUDA.

**As axudas serán do 75 % do orzamento protexido das obras, sen que en ningún caso poidan superar a cantidade de 30.000 euros por vivenda.**

**PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: DENDE O 21/1/2026 ATA O 1/9/2026**

**MÁIS INFORMACIÓN: IGVS.Teléfono 981541982/981184801. DOG Nº de 13/1/2026**